



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre contido do Estudio de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Outes (Outes e Negreira, A Coruña), promovido por NORVENTO, S.L., clave 2011/0060,

EXPÓN:

1. Que, de acordo co "*Documento de inicio*" e coa Directiva 92/43/CEE, o proxecto podería afectar a un hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea (4020 *Cirsio filipenduli-Ericetum ciliaris*).
2. Que, de acordo co "*Documento de inicio*", coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) e no Anexo I da Directiva Aves o proxecto podería afectar a 11 especies de vertebrados catalogadas nalgunha categoría de ameaza para a súa conservación (*Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Rana temporaria*, *Milvus migrans*, *Circaetus gallicus*, *Circus pygargus*, *Falco columbarius*, *Falco peregrinus*, *Caprimulgus europaeus*, *Sylvia undata*, *Lanius collurio*).

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que o Estudio de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Outes (Outes e Negreira, A Coruña), promovido por NORVENTO, S.L., clave 2011/0060:

1. Avalíe os posibles efectos sinérxicos e acumulativos cos Parques Eólicos Serra de Outes e Corzán situados a menos de 2 km e a 2,2 km de distancia, respectivamente.
2. Avalíe alternativas para minimizar o impacto sobre o hábitat de conservación prioritaria na Unión Europea existente na zona.
3. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. *Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Rana temporaria*: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadienses, etc.
 - b. *Milvus migrans*, *Circaetus gallicus*, *Circus pygargus*, *Falco columbarius*, *Falco peregrinus*, *Caprimulgus europaeus*, *Sylvia undata*, *Lanius collurio*: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

- c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
4. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadenses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 25 de maio de 2011